

## Central de balances Informe trimestral económico-financiero da empresa galega

### METODOLOXÍA

---

#### 1. Obxectivos e utilidades

- Obtención de información cuantitativa sobre a evolución a curto prazo das principais características productivas (en termos da conta de perdas e ganancias) das empresas galegas.
- Obtención de información cualitativa sobre a evolución conxuntural do subsector industrial baseada nas opinións dos informantes.

#### 2. Ámbito de investigación

##### Ámbito poboacional

Sociedades non financeiras con sede en Galicia ou con establecementos no seu territorio.

##### Cobertura sectorial

As empresas que subministran datos para este informe trimestral selecciónanse entre as que integran a central de balances anual de Galicia. Son, polo tanto, unha parte das que depositan a súas contas nos Rexistros Mercantís, polo que quedan fóra do ámbito de análise as divisións da CNAE-93 correspondentes ós sectores financeiro (códigos 65, 66 e 67), público (75, 80, 85 e 90), fogares (95) e organismos extraterritoriais (99).

Os datos sobre opinións empresarias refírense unicamente ás ramas industriais, é dicir, ás empresas con actividade principal pertencente ás divisións das seccións C, D e E da CNAE-93.

##### Ámbito xeográfico

A información solicitada pretende medi-la evolución da actividade global das empresas sediadas en Galicia e a do segmento correspondente ós establecementos emprazados en Galicia das sociedades con sede noutra rexión. As segundas proporcionan información adicional sobre a distribución territorial das principais variables: ingresos, consumos, activos e emprego.

##### Ámbito temporal

Os datos recollidos son os saldos contabilizados ó final de cada trimestre natural.

#### 3. Definicións e aspectos metodolóxicas

A continuación defínense as variables e indicadores que figuran no informe trimestral.

**Actividade:** As empresas clasifícanse segundo á súa actividade principal, entendida como a que absorbe máis emprego, ou, cando se dispón de información, a que xera maior valor engadido. Para a súa determinación utilízase a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-93Rev.1).

**Activo circulante:** Conxunto de elementos patrimoniais con permanencia esperada inferior ó exercicio contable. Son elementos pertencentes ó ciclo curto ou ciclo de explotación da empresa. Subdivídese en tres categorías: Existencias, Dispoñible (tesourería) e Realizable (debedores, investimentos financeiros temporais e axustes por periodificación).

**Activo fixo:** Conxunto de elementos patrimoniais de permanencia estimada superior á da duración do exercicio contable. Son elementos pertencentes ó ciclo estrutural da empresa que se agrupan nas categorías de: Inmovilizado material, inmovilizado inmaterial, inmovilizado financeiro e debedores por operacións de tráfico ó longo prazo.

**Coefficiente de apancamento:** O coeficiente de apancamento financeiro está vencellado coa utilización da débeda para incrementa-la rendibilidade dos recursos propios. Se a rendibilidade dos activos da empresa supera ó interese das súas débedas, estas aumentan a rendibilidade das accións, mellorando a rendibilidade financeira. *Rendibilidade financeira (%) – Rendibilidade económica (%)*.

**Coefficiente de endebedamento:** Recolle a relación entre os fondos tomados de terceiros e os achegados polos accionistas ou xerados pola propia empresa. É un indicador do risco financeiro da empresa ou sector. *Recursos alleos / Recursos propios*.

**Consumos e outros gastos de explotación:** Aproveñamentos de mercadorías e materias primas que fai a empresa para á súa revenda ou transformación. Esta partida recolle os gastos propios do ciclo de explotación da empresa e inclúe tódolos recursos consumidos para obte-los ingresos de explotación, agás os gastos de persoal e as dotacións para amortización.

**Emprego:** Persoas que participan na actividade económica da empresa a cambio dunha remuneración en metálico ou en especie, ou dunha participación nos beneficios.

**Gastos de persoal:** Partida que recolle tódolos gastos do cadro de persoal da empresa. Inclúe as remuneracións dos directivos, as cotización obrigatorias á seguridade social e os demais gastos de carácter social á cargo da empresa.

**Indicador de confianza industrial:** Indicador das opinións dos empresarios do sector industrial sobre o estado da actividade e as previsións de evolución futura. Calcúlase como media dos saldos netos obtidos das opinións expresadas sobre as variables: nivel actual da carteira de pedidos, nivel actual de inventarios (cambiado de signo) e nivel de produción previsto para o trimestre seguinte.

**Ingresos de explotación:** Ingresos propios do ciclo de explotación, é dicir, procedentes das vendas de mercadorías na empresa comercial ou de produtos terminados na industrial. Obtense como suma do importe neto da cifra de negocios e outros ingresos de explotación

**Marxe sobre vendas:** Porcentaxe de beneficio xerado polas vendas da empresa, con independencia do seu destino posterior para pagar intereses, impostos, dividendos, etc..  
*(Resultado bruto de explotación / Ingresos de explotación)\*100.*

**Recursos alleos:** Partidas que non pertencen á empresa, é dicir, que se terán que devolver a persoas diferentes dos socios. Calcúlanse sumando as partidas contables de: Provisións para riscos e gastos a longo prazo, provisións para riscos e gastos a curto prazo e acredores a curto e longo prazo.

**Recursos propios:** Recursos constitutivos do financiamento básico da empresa, sen grao de esixibilidade e aportados polos seus socios ou propietarios. Calcúlanse como a suma dos fondos propios e dos ingresos a distribuíren en varios exercicios.

**Rendibilidade económica:** Indicador do rendemento dos activos en termos do beneficio obtido da explotación empresarial. *(Resultado neto de explotación / (Activo fixo + Activo circulante))\*100.*

**Rendibilidade financeira:** Compara o resultado do exercicio co patrimonio neto dos accionistas na empresa, amosando a rendibilidade obtida por cada unidade monetaria investida. *(Resultado neto do exercicio / Ingresos de explotación)\*100.*

**Resultado económico bruto de explotación:** Parte da renda xerada pola empresa que, diminuída a distribuída ó persoal, queda para remuneraren ós demais axentes: accionistas, estado, etc. *Ingresos de explotación – Consumos de explotación – Gastos de persoal.*

**Resultado económico neto de explotación:** Calcúlase restando ó resultado bruto de explotación as amortizacións do inmovilizado e as provisións por insolvencias de tráfico.

**Resultado financeiro:** É o que xera a empresa pola súa actividade financeira. *Ingresos financeiros – Gastos financeiros.*

**Resultado ordinario:** É o beneficio o perda derivados das operacións de explotación e financeiras. Calcúlase como suma do resultado económico neto de explotación e do resultado financeiro.

**Resultado extraordinario:** É o xerado na empresa por actividades atípicas. Calcúlase como diferenza entre ingresos extraordinarios e gastos extraordinarios.

**Resultado antes de impostos:** É o xerado na empresa antes de desconta-los impostos. Calcúlase como a suma dos resultados ordinario e extraordinario.

**Resultado neto do exercicio:** É o resultado total da empresa e obtense restando (se hai beneficio) ou sumando (se hai perda) ó resultado antes de impostos o valor dos impostos (Imposto de sociedades e outros). *Ingresos de explotación – Gastos de persoal – Consumos de explotación – Amortizacións e provisións + Resultado financeiro + Resultado extraordinario – Impostos.*

**Rotación do activo:** Relación entre o volume de negocio que xera a empresa e os activos que posúe. É un indicador da eficiencia na xestión dos activos. *Ingresos de explotación / Activo total.*

**Salarios e outras remuneracións:** Remuneracións fixas e eventuais ó persoal. Inclúe tódalas retribucións básicas e complementarias, axudas de custo, horas extraordinarias, primas e

gratificacións adicionais, así como as retribucións dos altos cargos. Tamén comprende as indemnizacións por despido, xubilación, etc.

**Tamaño:** As definicións recomendadas para esta variable son basicamente unha combinación de dous criterios: número de traballadores e volume de negocio. Para o deseño da mostra utilizouse o primeiro, dado que non se tiñan datos de volume de negocio de cada empresa. As tipoloxías que se empregaron para a elaboración do informe trimestral dependen do activo total da empresa e son: pequena empresa (menos de 5 millóns de euros), mediana empresa (entre 5 e 27 millóns de euros) e gran empresa (27 millóns de euros ou máis).

**Valor engadido bruto ó custo de factores (VEBcf):** Representa os recursos xerados pola actividade dos factores productivos internos da empresa: capital e traballo. Calcúlase restando ós ingresos de explotación os consumos e outros gastos de explotación. Representa o valor novo creado no proceso productivo.

#### 4. Deseño da mostra

As empresas subministran a información de base para a elaboración do informe mediante un cuestionario que recolle os seus estados financeiros trimestrais.

Se fixa como obxectivo a colaboración de 500 sociedades, que non se seleccionan aleatoriamente, senón establecendo cotas mínimas de inclusión por territorio, actividade e tamaño.

A idea central é partir dunha lista de ramas de actividade (divisións da CNAE), clasifícalas empresas dentro destas ramas e selecciona-las maiores de cada agrupación, utilizando agora o criterio do número de asalariados. O resultado foi a seguinte distribución da mostra por sectores e provincias:

Sector		Sede social	
Industria	35%	A Coruña	36%
Construcción	10%	Lugo	5%
Comercio	14%	Ourense	7%
Transporte	6%	Pontevedra	31%
Outro	35%	Outra	21%

As taxa global de resposta acadou, dependendo do trimestre de referencia, porcentaxes entre o 80% e o 90%.

#### 5. Recollida da información

##### Método de recollida

O sistema de recollida de información é o correo. As empresas cumprimentan e envían o cuestionario por internet . Tamén se utiliza, se o pide o informante, o correo postal ou o fax.

## **Cuestionario**

O cuestionario divídese en cinco apartados:

- Identificación da empresa
- Emprego
- Ingresos, custos e resultados
- Activo e pasivo
- Opinións empresariais
- Empresas multilocalizadas

No primeiro recóllense os datos xenéricos de razón social, enderezo e actividade. No apartado de emprego solicítase información sobre persoal asalariado medio durante o trimestre. O detalle dos principais epígrafes da conta de perdas e ganancias figuran no cadro de ingresos, custos e resultados, e os resumos sobre investimento e financiamento nos dous apartados seguintes. Os datos solicitados adáptanse á normativa vixente no plan xeral de contabilidade, detallándose en cada epígrafe as contas que os integran.

No apartado dedicado ás empresas sediadas fóra da nosa comunidade recóllense o número de empregados en establecementos de Galicia e as porcentaxes que lles corresponden dos ingresos, gastos e investimentos.

Á sección de opinións empresariais deben responder só as empresas industriais. Nela reflíctense a visión actual e as expectativas dos responsables da empresa sobre niveis de produción, carteira de pedidos e existencias. A partir desta información calcúlase un indicador de confianza industrial como media dos saldos netos de resposta ós interrogantes sobre situación actual da carteira de pedidos, existencias de produtos terminados (cambiada de signo), e tendencia da produción. Para cada resposta sobre o nivel actual de cada variable ofrécese tres alternativas: Alto, medio e baixo. As previsións para o trimestre seguinte poden ser de aumento, mantemento ou diminución. Cada resposta pondérase segundo o tamaño relativo da empresa dentro do súa rama industrial (subseccións da CNAE) e en función do peso (%VEB) que representa a devandita rama sobre a totalidade da industria. A serie é aínda moi curta e a corrección da posible estacionalidade da produción non se introduciu no cálculo do indicador.

## **6. Presentación de resultados**

Os resultados de cada trimestre difúndense nos meses de maio, agosto, novembro e febreiro, mediante un folleto e a través de internet. As táboas de resultados confecciónanse para facilita-la comparación cos agregados e indicadores do trimestre anterior e a análise da evolución interanual.